



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

INFORME DE TESOURERÍA

ASUNTO: Valoración da documentación remitida ao departamento de Tesourería pola Mesa de contratación, o 9 de maio de 2016, relativa ó expediente de contratación dos servizos de colaboración en materia de xestión tributaria, censal, inspectora e recadadora do Concello de Bueu.

I. ANTECEDENTES.

A Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente para a contratación por concurso aberto dos servizos de colaboración en materia de xestión tributaria, censal, inspectora e recadadora do Concello de Bueu así coma a xestión dos expedientes sancionadores en materia de tráfico, expediente no que constan incorporados os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

O anuncio da convocatoria do concurso foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 68, de data 11 de abril de 2016. Durante o prazo sinalado no anuncio para a presentación de proposicións resultan admitidas as ofertas seguintes:

- CATOURE S.L.
- GESTION TRIBUTARIA TERRITORIAL S.A.U. (GTT)
- SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL S.L.(SCI)

A Mesa de Contratación, en sesión celebrada o día 9 de maio de 2016, procedeu á apertura dos sobres da documentación administrativa presentada polas citadas mercantís, remitindo os dossiers cós modelos de Proxecto que propoñen os licitadores para a prestación do servizo á Tesourería municipal para informe de valoración dacordo cos criterios establecidos nos Pregos de Cláusulas Administrativas.

II. FORMA DE VALORACIÓN DOS CRITERIOS.

O prego de cláusulas administrativas que rexen a citada contratación establece na súa Cláusula XI.1, coma **CRITERIOS NON VALORABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES OBTIDOS A TRAVÉS DE FÓRMULAS MATEMÁTICAS**, entre outros aspectos:

b) Mellor proxecto descritivo dos traballos e do método organizativo que se propoña para a prestación deste servizo. Deberá incluír un plan específico para a mellora da recadación en voluntaria, en executiva, xestión catastral, inspección tributaria e xestión de multas de tráfico. **Ata 20 puntos co seguinte desglose):**

- Medidas de mellora en xestión tributaria e recadación voluntaria (ata 5 puntos).
- Medidas de mellora en recadación executiva (ata 5 puntos).
- Medidas de mellora en xestión catastral (ata 2 puntos).
- Medidas de mellora en inspección tributaria (ata 2 puntos).
- Medidas de mellora en xestión de multas de tráfico (ata 2 puntos).
- Incremento de horas de apertura de oficinas:
 - Por unha hora de luns a venres de 8.00 a 9.00 da mañá (1,5 puntos).
 - Por unha hora de tarde de luns a xoves de 16.00 a 17.00 da tarde (0,5 puntos).
 - Por unha hora de tarde de luns a xoves de 17.00 a 18.00 da tarde (0,5 puntos).
 - Por dúas horas de mañá os sábados de 10.00 a 12.00 da mañá (0,5 puntos).



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

- Plan de formación para os empregados destinados ó servizo: (ata 1 punto).

No presente informe a distribución da puntuación, en relación ás medidas de mellora propostas, farase de maneira proporcional en todos os aspectos de valoración enunciados coma medidas de mellora, atribuíndo a calificación de:

- **Moi boa:** cando se realice unha proposta completa cualitativa e cuantitativamente e exhaustiva das medidas en cuestión e se propoñan medidas de mellora adecuadas, precisas, ben definidas e/ou innovadoras, que sexan especialmente acaídas en relación ao obxecto do contrato.
- **Boa:** cando se realice unha proposta de medidas bastante completa cualitativa ou cuantitativamente que non sexa tan exhaustiva ou ben non estea tan ben definida ou non sexa tan acaída en relación ao obxecto do contrato como para considerala como moi boa.
- **Regular:** cando se realice unha proposta somera ou se propoñan medidas de actuación escasas, claramente por debaixo doutras ofertas, pouco precisas e/ou pouco relacionadas co obxecto do contrato.
- **Mala:** cando se realice unha proposta de medidas que apenas melloren os aspectos a valorar por riba dos mínimos esixidos na documentación que define o obxecto do contrato.
- **Moi mala:** cando se realice unha proposta de medidas que non mellore ningún dos aspectos a valorar por riba dos mínimos esixidos na documentación que define o obxecto do contrato, ou cando simplemente non se presente proposta nalgún apartado dos que son obxecto de valoración.

Corresponderá unha puntuación de entre a máxima e $\frac{3}{4}$ da máxima na valoración de cada aspecto á oferta que reciba a calificación de “moi boa”; de entre $\frac{3}{4}$ da máxima e $\frac{1}{2}$ da máxima puntuación á considerada como “boa”; de entre $\frac{1}{2}$ da máxima puntuación e $\frac{1}{4}$ á oferta calificada de “regular”; de entre $\frac{1}{4}$ da máxima puntuación e cero á oferta calificada de “mala” e cero puntos á calificada de “moi mala”.

As horas de apertura da oficina valóranse de acordo cos Pregos asignando puntuacións directamente en función das franxas horarias ofertadas polos licitadores.

O Plan de Formación será valorado de acordo coas mesmas regras con calificación de moi boa, boa, regular, mala ou moi mala en función do maior ou menor detalle, número de horas, adecuación das medidas formativas ás necesidades do obxecto do contrato e carácter mais ou menos completo do mesmo.

III. DOCUMENTACIÓN A ANALIZAR.

- Oferta presentada pola mercantil CATOURE : é obxecto de valoración neste informe, dacordo coa solicitude da Mesa de contratación, a parte do “dossier” encuadernado que se refire ó “PROYECTO DESCRIPTIVO DE LOS TRABAJOS Y EL MÉTODO ORGANIZATIVO” (sen numerar).
- Oferta presentada pola mercantil GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL (GTT): é obxecto de valoración neste informe, dacordo coa solicitude da Mesa de contratación, o “dossier” encuadernado de 30 páximas que titula “*B) PROYECTO DESCRIPTIVO DE LOS TRABAJOS Y MÉTODO ORGANIZATIVO: MEDIDAS DE MEJORA Y PLAN DE FORMACIÓN*”.



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

- Oferta presentada pola mercantil **SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL (SCI)**: é obxecto de valoración neste informe, dacordo coa solicitude da Mesa de contratación, o “dossier” encuadrado de 30 páxinas que titula *“TOMO 2. PROYECTO DESCRIPTIVO DE LOS TRABAJOS Y MÉTODO ORGANIZATIVO”*.

IV. ESTUDIO E VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS.

Para a valoración das tres ofertas presentadas procedeuse á lectura pormenorizada, estudio e comparación das medidas propostas na documentación aportada polos licitadores, efectuándose á análise diferenciada en relación a cada un dos criterios de adxudicación previstos nos Pregos aplicables a esta parte das ofertas. A valoración das medidas propostas non se fai en abstracto e individualmente consideradas, senón que se fai unha comparación entre as distintas ofertas a resultados da cal se atribúe unha calificación.

Apréciase nos documentos analizados, en maior ou menor medida, o carácter disperso dalgunhas das medidas de mellora propostas, de maneira que ou ben non aparecen directamente sinaladas como tales ou ben son postas de manifesto fora do que sería unha orde sistemática de presentación segundo a lóxica dos criterios de valoración dos Pregos.

Debido ó anterior e para valorar os documentos na súa integridade, fíxose necesario extraer do conxunto de cada un dos dossiers as distintas medidas de mellora propostas e logo relacionar e clasificalas en cada un dos apartados para proceder ó seu análise, comparación e valoración. Por afectar a distintos aspectos do obxecto do contrato, optouse por incluír cada unha dentro do apartado có que mais relación teña a efectos da súa valoración.

Do anterior resultan as seguintes medidas de mellora propostas independentemente de que non todas deban ser consideradas coma tales e sen perxuízo da súa valoración consonte ó establecido nos criterios de valoración do prego de cláusulas administrativas que rexen a citada contratación establecidas na súa Clausula XI.1 e as consideracións efectuadas no presente informe:

A) Medidas de mellora en xestión tributaria e recadación voluntaria:

A.1) Oferta de CATOURE:

- Medidas de mellora na relación cos contribuíntes: Tríptico guía do contribuínte, “call center”, portal electrónico para consulta de expedientes.
- Defensa xurídica gratuíta nos casos en que os contribuíntes recurran ante os tribunais.
- Traballos de campo e gabinete para revisión e actualización de datos físicos e xurídicos das listas cobratorias.
- Confección masiva de recibos de cobros, liquidación de ingresos adxuntando relación nominal de recibos, etc...

A.2) Oferta de GTT:

- Medidas de mellora na relación entre a empresa e o Concello: Proposta dun Plan de comunicación, reunións e comisións periódicas, fixación de obxectivos, Programa informativo para a entrega puntual da información ó Concello, Asesoramento xurídico experto (ordenanzas fiscais, informes xurídicos, boletín xurídico quincenal, bases de datos...) actualización formativa ó personal de Concello (cursos de formación, encontros de usuarios), auditorías, certificados de calidade, soporte



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

de servizos centrais, actuacións administrativas automatizadas, desenvolvemento da web municipal (OVT), metodoloxías de traballo normalizadas (circulares de traballo, preguntas frecuentes),

- Medidas de mellora na relación cos contribuíntes: medios de atención non presenciais (Centro de atención telemática con horario luns a venres de 60 horas semanais, Oficina Virtual Tributaria, Sms e correo electrónico, implantación de tramitación electrónica de expedientes con dixitalización completa). Facilidades de pago ó contribuínte, carta de servizos ó contribuínte, compromiso de notificación incluída por comparecencia en 7 semanas máximo e notificación electrónica a solicitude do contribuínte. Elaboración de fichas de trámites informativas. Campañas publicitarias (aportación de 1.500 euros anuais). Avisos específicos previos ás notificacións. Elaboración dun censo de suxerencias.

- Medidas de mellora relacionadas co sistema de información utilizado: base de datos única, xeneración de ficheiros de intercambio contable de forma automatizada para cargarse no sistema contable do Concello, interoperatividad con outros sistemas de información doutras administración e do propio Concello (padrón de habitantes, rexistro xeral, etc..). Ferramentas de control, dirección e produtividade on line, cadro de mando para dispositivos móbiles. Posibilidade de autoliquidar o IIVTNU por parte das notarías. Xestión integrada de cadernos bancarios. Xestión de incidencias no SIT (tempos máximos de resolución).

- Medidas de mellora relacionadas co rediseño e automatización dos procedementos de xestión: implantación plena de firma electrónica, rexistro diario de solicitudes e recursos, emisión de proposta de resolución no acto, seguimento diario de expedientes. Integración co Rexistro do Concello. Simplificación de procedementos.

- Medidas de mellora relacionadas coa xestión de titularidades e mellora de padróns: Regularización de titularidades desconocidas, cambios de titularidade do IBI e padróns asociados. Xestión de domicilios alternativos. Xestión e carga de ficheiros DOC. Comunicación a Catastro de alteracións xurídico económicas vía web. División automática de recibos IBI. Melloras en taxas e padrón de IVTM (convenios con colexios profesionais, ficheiros impagados, ficheiros MOVE, conexión a ATEX 4, depuración constante). Melloras no IAE coma ficheiro de intercambio coa AEAT co resultado das actuacións inspectoras. Integración do SIT- gtt coa plataforma de intermediación de datos para xestión de bonificacións por minusvalía e familia numerosa.

- Medidas de mellora relacionadas coa xestión de domiciliacións: fomento das domiciliacións a través da atención diaria e a través de campañas específicas (dúas veces ó ano). Segundo intento de cargo en conta de domiciliacións. Impedir a devolución de domiciliacións cargadas en conta. Fraccionamento de domiciliacións.

- Medidas de mellora relacionadas coas facilidades no pago: calendario fiscal a disposición dos contribuíntes para descargar dende a web do Concello. Información ó contribuínte da posibilidade de fraccionar en período voluntario. Posibilidade de implantar un plan personalizado de pago. Carta de pago con dobre referencia. Liquidacións agrupadas.

- Medidas de mellora en relación con contribuíntes en concurso de acreedores e grandes contribuíntes: marcación e seguimento específico das débedas. Derivacións de responsabilidade e sucesión de herdeiros.

- Medidas de mellora en relación á xestión de notificacións: Sistema SICER, proba de entrega electrónica, notificacións electrónicas e integración co TEU.

A.3) Oferta de SCI:

- Medidas de mellora relacionadas coa axilización da xestión: Fixación de obxectivos, reunións periódicas, revisión de valores pendentes de notificar, implantación dun sistema de recepción de



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

documentación, simplificación dos trámites. Mellora dos prazos de resolución de recursos e reclamacións. Prazo máximo de 7 días. Campañas de captación de domiciliacións e outras campañas publicitarias. Potenciación doutros sistemas de atención non presencial. Sistemas de fraccionamento automatizado e plans de pago personalizados. Notificacións electrónicas (colaboración cos servizos informáticos do Concello para a súa implantación municipal). Implantación de recepción diaria de información de cobros. Expedientes de derivacións de responsabilidade.

- Medidas de mellora relacionadas coa integración e interrelación de servizos: Detección de anomalías, interrelación cos servizos municipais (comisión de seguimento técnico e informático; propostas específicas de interrelación con distintos departamentos municipais). Relación con outros actores implicados na xestión (DGT, rexistros, notaría, AEAT, TXSS, INSS, entidades bancarias). Traspaso de información de aplicacións de cobros e baixas mediante ficheiro, garantindo compatibilidade con sistema municipal.

- Medidas de mellora relacionadas co asesoramento: Diagnose por parte do departamento xurídico, revisión de formularios, colaboración no estudo e elaboración de ordenanzas fiscais.

- Medidas de mellora denominadas Plan de comunicación: Distintas medidas de implantación inmediata (entre as non citadas noutros apartados do dossier destacan: Recollida de información relativa ao grado de satisfacción do cidadán; impulso dunha WEB propia do servizo). Sistemas de establecemento de contacto co cidadán (sms/mail, redes sociais, etc).

- Medidas de mellora relacionadas coa xestión da calidade: proceso informático para a resolución de incidencias e reclamacións. Medidas concretas para coñecer a satisfacción do cidadán (entrevistas, enquisas, cuestionarios).

- Medidas de mellora relacionadas con instrumentos de seguimento e control: Control do responsable do proxecto. Control estrutural. Control dos servizos centrais. Ferramentas de seguimento, auditoría continua. Cadro de mandos.

- Medida de mellora consistente no centro de atención ó usuario (CAU): centro de recepción de incidencias e consultas a disposición do personal da empresa e do Concello operativo de 8.45 a 18.30 ininterrumpidamente.

- Medidas de mellora específicas non recollidas noutros apartados: Implantación dun sistema de verificación de datos mediante a superposición en capas de distintas figuras tributarias. Posta a disposición dun departamento xurídico para a tramitación de expedientes de especial complexidade. Envío de avisos a contribuíntes con pagos domiciliados. Plan de interoperatividade entre administracións. Utilización de licencias de SCI por parte do Concello en Westlaw e outras bases de datos. Dúas campañas de publicidade do servizo.

- Medidas de mellora relativas a incrementar as porcentaxes de recadación voluntaria: campañas periódicas de domiciliacións. Confección dun calendario fiscal “de bolsillo” que será buzoneado. Plataforma dixital de acceso a través de internet.

- Medidas de mellora relativas á fixación de obxectivos básicos e avanzados. Fluxogramas de procedemento recaudatorio en período voluntario.

- Medidas de mellora relacionadas coa xestión dos Padróns: Actuacións a realizar en padróns de IBI, IAE, IVTM, taxas .

- Medidas de mellora relacionadas co Ficheiro de terceiros e outras Tablas auxiliares.

VALORACIÓN DAS OFERTAS:

A oferta de CATOURE límitase a citar determinadas medidas, de forma moi somera, para a mellora da relación entre o Concello e os contribuíntes. Sinala tamén a posibilidade de defensa xurídica ó



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

Concello en materia tributaria. No que se refire a aspectos descritivos dos traballos e método organizativo non aporta medidas de mellora que poidan ser obxecto de valoración.

En canto as ofertas de GTT e SCI, coinciden en diversas propostas de actuación para a mellora da xestión (reunións e comisións periódicas; integración e interrelación co cidadán e co Concello; tramitación electrónica de expedientes; plans personalizados de pago; campañas informativas). Estes grupos de medidas de mellora teñen relación directa co obxecto do contrato no que se refire á casuística derivada das relacións entre os distintos axentes implicados na xestión tributaria e considéranse acaídas para o desenvolvemento das tarefas definidas nos PPT.

En determinados aspectos das dúas ofertas non se alcanza a concreción suficiente na definición das medidas como para a súa posterior esixencia no momento da execución do contrato (“gestión ágil, mínimos tempos de espera”, “gestión global, con el contribuyente como eje central”, “simplificación de trámites”; “implantación de medios de atención non presencial”; “potenciar novos canais de atención y comunicación”; “ Se plantearán objetivos cuantitativos y cualitativos a corto, medio y largo plazo”, “utilización de modernas tecnologías”...), o que engadido á súa vaguedade e incluso obviedade dificulta a valoración das mesmas.

A oferta de SCI fai un maior desenvolvemento do apartado relativo ás medidas de mellora na depuración e mantemento dos padróns fiscais, especificando por figura tributaria as posibles medidas a tomar. No caso de GTT a súa oferta tamén fai un tratamento diferenciado por figuras tributarias. En canto a medidas concretas que se poidan valorar de maneira especialmente positiva en cada unha das ofertas destacan:

- GTT: Asesoría Xurídica Tributaria (ordenanzas fiscais, informes xurídicos, boletín xurídico quincenal, bases de datos...). Desenvolvemento da web municipal (OVT), cadro de mando para dispositivos móbiles. Compromiso de notificación incluída por comparecencia en 7 semanas máximo. . Elaboración de fichas de trámites informativas. Campañas publicitarias (aportación de 1.500 euros anuais). Xeración de ficheiros de intercambio contable. Impedir a devolución de domiciliacións cargadas en conta e outras medidas (dúas campañas de fomento de domiciliacións, 2º intento, fraccionamento de domiciliacións). Posibilidade de autoliquidar o IIVTNU por parte das notarías. Xestión integral de cadernos bancarios. Integración co Rexistro do Concello. Comunicación a Catastro de alteracións xurídico económicas vía web. Ferramentas de mellora nos padróns de IVTM e IAE. Carta de pago con dobre referencia. Liquidacións agrupadas. Sistema SICER, proba de entrega electrónica, notificacións electrónicas e integración co TEU. Centro de atención telemática con horario luns a venres de 60 horas semanais.

- SCI: Posta a disposición do departamento xurídico para expedientes de especial complexidade. Resolución de incidencias e reclamacións nun prazo máximo de 7 días. Impulso dunha web propia do servizo. Centro de atención ó usuario en horario de 8:45 a 18:30 horas. Enquisas de satisfacción ó contribuínte. Utilización de licencias de SCI por parte do Concello (Westlaw). Dúas campañas de publicidade do servizo. Buzoneo do calendario fiscal “de bolsillo”. Traspaso de información de aplicacións de cobros e baixas mediante ficheiro, garantindo compatibilidade con sistema municipal. Medidas de mellora relativas á fixación de obxectivos básicos e avanzados. Fluxogramas de procedemento recaudatorio en periodo voluntario.

Conclusións: A oferta de CATOURE, salvo nos aspectos citados de relación entre o Concello e os contribuíntes (Tríptico guía do contribuínte, “call center”, portal electrónico para consulta de expedientes) e a asistencia letrada , considérase moi pouco desenvolvida, claramente escasa e deficiente individual e comparativamente considerada. Agás as cuestións sinaladas, a oferta apenas



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

mellora os aspectos a valorar por riba dos mínimos esixidos na documentación que define o obxecto do contrato.

As ofertas de GTT e SCI fan un plantexamento de medidas xerais adecuadas e relativamente completas no que se refire a elementos de xestión, integración e interrelación. Parte dos documentos incorren en xeneralidades pouco definidas e dificilmente avaliábeis. A oferta de SCI fai un tratamento exhaustivo (por figura tributaria) das posibles actuacións de mellora dos padróns fiscais. Tamén hai un tratamento de medidas en determinadas figuras tributarias na oferta de GTT. As medidas máis concretas de mellora son positivas nas dúas ofertas, e nin en número nin en concreción son significativamente superiores nunha oferta con respecto á outra. Ningunha das dúas ofertas é plenamente completa cualitativa ou cuantitativamente, nin está perfectamente definida en todos os seus aspectos pero as dúas ofertas propoñen medidas de modo bastante completo cualitativa ou cuantitativamente que aínda que non sexan plenamente exhaustivas están ben definidas e son consideradas acaídas en relación ao obxecto do contrato.

Polos motivos anteriores e como resultado da comparación das ofertas neste apartado, a valoración que corresponde á oferta de CATOURE é de MALA, e ás ofertas de GTT e SCI de BOA, coa asignación das seguintes puntuacións:

- **CATOURE: 1,25 PUNTOS.**
- **GTT: 3,75 PUNTOS.**
- **SCI: 3,75 PUNTOS.**

B) Medidas de mellora en recadación executiva:

B.1) Oferta de CATOURE:

- Medidas de mellora relacionadas con depuración de valores recibidos, impulsar recadación executiva, emisión e escaneado de documentos, control diario de valores impagados, acumulación de débedas por contribuínte, etc...
- Medidas de mellora relacionadas co desenvolvemento do procedemento de embargo: descrición de distintas actuacións e fases para embargo de bens e dereitos. Procedemento de derivación de responsabilidade.

B.2) Oferta de GTT:

- Medidas de mellora relacionadas coa análise do pendente en executiva: Planificación das emisións e actuacións masivas (calendario de actuación). Seguimento automático da prescrición. Elaboración de propostas: resolución de recursos pendentes, depuración de débedas, fallidos e incobrables. Marcado de débedas con condicións especiais.
- Medidas de mellora relacionadas co impulso do procedemento de constrinximento: tratamento automatizado do pase a executiva e da correspondente providencia de constrinximento, seguimento das notificacións, seguimento e aplicación dos cobros. Asesoramento en subastas por parte do responsable do departamento de recadación da empresa. Emisión de avisos de embargos e previos á emisión da providencia de constrinximento. Expedientes específicos en función do debedor. Aplicación de cobros diaria.
- Medidas de mellora relacionadas cos medios electrónicos e interoperatividade con outras administración: xeración de ficheiros de solicitude de información de contribuíntes con expedientes en executiva, carga de ficheiros de resposta e emisión de dilixencias de embargo.
- Medidas de mellora relacionadas coa utilización de ferramentas do sistema: Previa grabación e dixitalización dos expedientes, mediante a xestión do pendente en procesos de embargos masivos,



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

bandexas ou lotes. O anterior dependendo da antigüidade da débeda, importe da mesma, dificultade de cobro, etc...

B.3) Oferta de SCI:

- Medidas de mellora relativas ó inicio do procedemento: posibilidade de emitir, con carácter previo á providencia de constrinximento, unha carta de aviso co 5% de recargo e nos 15 días seguintes a providencia. Publicacións edictais bimensuais. Medidas de redución do pendente de ingreso (derivacións de responsabilidade, seguimento de insolvencias, sucesión de débedas, comunidades de propietarios, recuperación de costas). Distinción no esquema procedimental entre executiva masiva e executiva individualizada. Fluxograma xeral do procedemento executivo.
- Medidas de mellora relacionadas coa tramitación de expedientes: Embargos masivos automatizados (4 ciclos totais anuais). Embargos AEAT mensuais. Embargos Soldos, salarios e pensións bimensuais. Persoal técnico de apoio en subastas.
- Medidas de mellora relacionadas coa natureza doutros responsables tributarios: Comunidades de bens, propietarios de bens inmoables afectos ó pago do IBI, responsables solidarios. Sucesores mortis causa. Entidades de dereito público. Debedores en situación concursal.
- Medidas de mellora consistentes na tramitación de expedientes e recursos: Actuacións propostas referentes a recursos presentados no periodo executivo, tanto en vía administrativa coma xudicial.
- Medida consistente no compromiso de proceder, no primeiro trimestre de vixencia do contrato, a efectuar unha revisión de toda a débeda viva (comprobación de notificacións e continuación da tramitacións).
- Medida consistente na comunicación á DGT dos IVTM impagados.
- Medidas consistentes en obxectivos xerais: Os mais concretos que se poderían destacar son: Minorar saldo pendente 50% en tres anos. Resolución de 90% fraccionamentos no acto. Subastas de bens inmoables dúas veces ó ano. Propostas de fallidos catro veces ó ano.

VALORACIÓN DAS OFERTAS:

En canto a oferta presentada por CATOURE, non aporta aspectos a valorar por riba dos mínimos esixidos na documentación que define o obxecto do contrato en materia de recadación executiva, describíndose actuacións administrativas que nada engaden con respecto ós requerimentos dos PPT e da lexislación en vigor. Non se atopa ningunha medida digna de mención que permita unha mínima valoración.

Como aspectos coincidentes das dúas ofertas restantes (GTT e SCI) pódense destacar os relativos a cuestións metodolóxicas, de tramitación e impulso dos procedementos. Non se pode destacar ningunha medida salientable de mellora nestes aspectos xa que a descrición que fan as ofertas das medidas a tomar nos aspectos metodolóxicos e procedimentais enténdense dentro da xestión corrente e ordinaria dos traballos contidos nos PPT.

Reitérase na valoración deste apartado o feito de que en aspectos determinados das ofertas de GTT e SCI non se alcanza a concreción suficiente na definición dalgunhas medidas como para a súa posterior esixencia na momento da execución do contrato, sendo vagas e incluso obvias, o que limita e/ou impide a valoración das mesmas: (“seguimento expreso y solicitudes periódicas de información de deudores declarados fallidos”; “ se abordarán distintas propostas de depuración de deudas..”; “refuerzo en ejecución de deudas con comunidades de propietarios”; “impulso de los procedimientos de ejecución, individuales o masivos”...)

En canto a medidas de mellora que se poidan valorar positivamente en cada unha das ofertas polo seu carácter concreto na súa definición destacan:



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

- CATOURE: Non se detecta ningunha medida de mellora dende o punto de vista do proxecto descritivo dos traballos ou método organizativo en materia de recadación executiva. A oferta límitase a unha descrición moi básica de procesos elementais en materia de recadación executiva e procedemento de embargos, procesos que por outra banda xa son esixidos como mínimos polos Pregos que regulan a contratación.
- GTT: Xeración de ficheiros de solicitude masiva de información de bens de todos os contribuíntes con débeda en expediente de executiva e posterior carga dos ficheiros de resposta. Asesoramento en subastas por parte do responsable do departamento de recadación da empresa. Emisión de avisos de embargos e previos á emisión da providencia de constrinximento. Expedientes específicos en función do debedor.
- SCI: Distinción no esquema procedimental entre executiva masiva e executiva individualizada. Posibilidade de emitir unha carta de aviso co 5% de recargo. Publicación edictal bimensual. 4 ciclos anuais de embargos masivos automatizados. Embargos AEAT mensuais. Embargos de Soldos e salarios bimensuais. Personal técnico de apoio en subastas. Catro expedientes de fallidos anuais. Revisión de toda a débeda viva no primeiro trimestre de vixencia do contrato. Minorar saldo pendente 50% en tres anos. Resolución de 90% fraccionamentos no acto. Subastas de bens inmobles dúas veces ó ano.

Conclusións: A oferta de CATOURE neste apartado non mellora ningún dos aspectos a valorar por riba dos mínimos esixidos na documentación que define o obxecto do contrato. En sí mesma e comparativamente considerada, a proposta en dúas páxinas de medidas de mellora en materia de recadación executiva é inexistente, non se atopan aspectos que se poidan valorar e que aporten solucións ás tarefas descritas nos pregos como mínimas e obrigatorias.

As ofertas de GTT e SCI fan un plantexamento de medidas procedimentais ou metodolóxicas que non aportan melloras destacables a efectos da súa valoración por resultar descritivas dos traballos definidos nos PPT ou do que xa se fai na actualidade, sendo polo tanto pouco ou nada innovadoras. Parte dos documentos incorren en xeneralidades pouco definidas e dificilmente avaliábeles.

As medidas máis concretas de mellora son positivas nas dúas ofertas, si ben o número e concreción das propostas por SCI superan ás propostas por GTT. Ningunha das dúas ofertas (GTT e SCI) é plenamente completa cualitativa ou cuantitativamente, nin está perfectamente definida en todos os seus aspectos. A oferta de SCI é máis completa cualitativa e cuantitativamente que a de GTT que en xeral é máis escueta e menos explicada. As medidas concretas de mellora son máis no caso da oferta de SCI que no de GTT. A oferta de SCI aporta tamén esquemas de procedementos e fluxogramas. En xeral a oferta de SCI establece máis medidas específicas, cuantificables e directamente avaliábeles en fase de execución do contrato que a fan comparativamente mellor que a de GTT. Polos motivos anteriores e como consecuencia da comparación das ofertas, a valoración que corresponde á oferta de CATOURE é de MOI MALA, á da oferta de GTT é de REGULAR e á oferta de SCI de BOA, coa asignación das seguintes puntuacións:

- **CATOURE: 0 PUNTOS.**
- **GTT: 2,5 PUNTOS.**
- **SCI: 3,75 PUNTOS.**

C) Medidas de mellora en xestión catastral:

C.1) Oferta de CATOURE:



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

- Medida de mellora consistente na remisión por parte do Concello dunha serie de documentación para o desenvolvemento dos traballos de actualización, conservación e mantemento da información catastral urbana.
- Medidas de mellora relacionadas con traballos de mantemento catastral: recollida de documentación, traballos de campo (datos físicos e xurídicos) e traballos de gabinete.
- Medida de mellora consistente en aportar unha aplicación de xestión catastral en colaboración coa empresa SAGE-AYTOS para a xestión da parte alfanumérica e gráfica dos expedientes.
- Medida de mellora relacionadas co proceso de incorporación na base de datos de todos os expedientes catastrais e a conseguinte optimización de datos fiscais.

C.2) Oferta de GTT:

- Medida de mellora consistente na integración coa Dirección Xeral do Catastro e grabación directa na súa base de datos. Comunicación a Catastro vía web alteracións xurídico económicas.
- Medidas de mellora relacionadas coa integración da xestión catastral e a xestión tributaria do IBI: Xestión dos cambios de titularidade catastral ós efectos do IBI e outras figuras tributarias, carga automática dos ficheiros remitidos por Catastro e comprobación.
- Medida de mellora consistente no aproveitamento dos traballos de campo realizados con ocasión da xestión catastral para obter información de interés para outros procedementos tributarios.
- Medida de mellora consistente na búsqueda de omisións de campo non detectadas no procedemento de regularización catastral.
- Medidas de mellora relacionadas con máis medios: entre outras medidas apoio con material gráfico para a identificación das alteracións catastrais, rexistro e escaneo diario de todas as alteracións presentadas. Adxuntar fotografías ó expediente electrónico.
- Medida consistente no asesoramento ó Concello para a constitución dun PIC. Activación da Oficina Virtual como PIC online. Descarga de notificacións na Sede Electrónica de Catastro. Campañas específicas para depurar titulares desconocidos, omisións, bens municipais, incidencias de cálculo.

C.3) Oferta de SCI:

- Medida de mellora consistente na integración informática coas BBDD da Dirección Xeral do Catastro.
- Medidas de mellora relacionadas coas alteracións declaradas. Rexistro da documentación, procedemento estandarizado. Comprobación de campo.
- Medidas de mellora relacionadas coas alteracións non declaradas. Orixe da información. Tramitación posterior.
- Medidas de mellora relacionadas coa metodoloxía dos traballos: Xestión dos expedientes nun prazo máximo de 3 meses. Soportes documentais e informáticos. Información complementaria.
- Medidas de mellora consistentes na fiscalización do Padrón do IBI e a formación do expediente dixital. Procedementos de elaboración e control e fluxograma dos traballos.

VALORACIÓN DAS OFERTAS:

A oferta presentada por CATOURE apenas mellora os aspectos a valorar por riba dos mínimos esixidos na documentación que define o obxecto do contrato, proponéndose medidas de actuación escasas, pouco precisas e pouco ou nada innovadoras con respecto ós requerimentos dos PPT e do Convenio coa Dirección Xeral do Catastro que figura anexo á documentación do contrato ou dos procedementos que xa se está levando a cabo na actualidade. Descríbense procesos de actuación básicos sen aportar melloras dignas de mención e valoración. Faise mención á incorporación na base



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

de datos tributaria dos expedientes afectados polo traballo, o que é unha obviedade que ademais non é obxecto de valoración neste apartado senón no apartado correspondente á xestión tributaria.

As ofertas presentadas por GTT e SCI teñen en común que realizan propostas someras con medidas de actuación pouco precisas, na súa maior parte descritivas dos procedementos, que non aportan melloras significativas con respecto ós mínimos esixidos pola documentación contratual, si ben, polo seu carácter mais completo, por ser mais extensas e detalladas, ou por aspectos novedosos de integración coa metodoloxía de traballo do Catastro, son consideradas superiores cualitativa e cuantitativamente con respecto á oferta de CATOURE.

Polos motivos anteriores, a valoración que corresponde á oferta de CATOURE é de MALA e ás ofertas de GTT e de SCI é de REGULAR coa asignación das seguintes puntuacións:

- **CATOURE: 0,5 PUNTOS**
- **GTT: 1 PUNTO.**
- **SCI: 1 PUNTO.**

D) Medidas de mellora en inspección tributaria:

D.1) Oferta de CATOURE:

- Medidas relacionadas coa descrición dos procedementos de inspección e comprobación limitada. Marco teórico dos procedementos e esquema do procedemento de inspección.
- Medidas detalladas de proposta de comprobación dos seguintes impostos: IAE, TAXA 1,5%, ICIO, IIVTNU.

D.2) Oferta de GTT:

- Medidas denominadas de análise da situación: Detección de necesidades, plan de inspección e determinación de criterios.
- Medidas relacionadas co desenvolvemento do procedemento de inspección: selección de contribuíntes, citacións, requerimentos de documentación, detección de omisións (acceso a información tributaria, catastral, urbanística, contable, rexistral, etc, para o posterior cruce e comprobación). Traballos de campo. Atención personalizada e adaptación a necesidades. Axilidade e proposta de resolución de recursos. Posta a disposición dunha plantilla de arquitectos para apoio en determinados expedientes. Resolución de recursos en 15 días e tramitación completa de expedientes en 6 meses.
- Medidas de mellora relacionadas co uso de tecnoloxía: Uso de técnicas e ferramentas a partir das cales facer cruces e comprobacións.

D.3) Oferta de SCI:

- Medidas de mellora relacionadas co Plan de control e de Inspección: Definición de actuacións inspectoras por tributo. Cruces informáticos. Traballos de campo.
- Medidas de mellora relacionadas co mantemento das bases de datos. Criterios e información a recabar. Plan de traballo. Procedemento inspector (fases). Procedemento sancionador e recursos. Alertas para o seguimento do servizo. Resumen gráfico de actuacións e cronograma temporal.
- Medidas de actuación en relación á fiscalización do padrón do IAE. Control do ICIO.
- Medidas consistentes na formación do expediente dixital. Establecemento dun correo electrónico corporativo.



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

VALORACIÓN DAS OFERTAS:

A oferta presentada por CATOURE neste apartado escomeza por unha “proposta” de dúas vías posibles de revisión dos tributos (procedemento de inspección e procedemento de comprobación limitada). Entendemos que non se aporta ningunha solución ou medida de mellora coa simple presentación do marco legal e duns esquemas procedimentais. Pódese apreciar un maior desenvolvemento das propostas de comprobación de distintas figuras tributarias (unicamente 4), destacando as relativas revisión de empresas incorrectamente exentas no IAE, un plan de traballo para a revisión xeral dos feitos impositivos en relación coa taxa do 1,5%, o establecemento de criterios para a revisión do ICIO e a revisión do IIVTNU derivada da comprobación das transmisións comunicadas a través de ANCERT (proceso que xa se ven realizando dende fai tempo no Concello). En xeral consideramos que se trata de propostas someras e que propoñen medidas de actuación escasas, pouco precisas, limitadas a aspectos procedimentais e pouco innovadoras.

As ofertas presentadas por GTT e SCI teñen en común o plantexamento inicial dos traballos a través da realización dos correspondentes Plans de inspeccións/Plans de control tributario, coa determinación dos criterios e medidas de actuación. A continuación fan unha proposta de distintas actuacións inspectoras para a detección de omisións. A proposta de GTT finaliza por centrarse no uso de ferramentas informáticas de apoio ó procedemento inspector. A proposta de SCI fai fincapé nos aspectos concretos a controlar por figura tributaria.

En xeral consideramos que se trata de propostas nos tres casos eminentemente centradas en aspectos procedimentais básicos. Non se atopan diferencias significativas entre as propostas das tres ofertas que xustifiquen unha valoración diferenciada entre as mesmas. Polos motivos anteriores, a valoración que corresponde ás tres ofertas é de REGULAR coa asignación das seguintes puntuacións:

- **CATOURE: 1 PUNTO.**
- **GTT: 1 PUNTO.**
- **SCI: 1 PUNTO.**

E) Medidas de mellora en xestión das multas de tráfico:

E.1) Oferta de CATOURE:

- Medidas relativas á descrición do procedemento sancionador en materia de tráfico, inicio, prazos, procedemento ordinario e abreviado, etc...

E.2) Oferta de GTT:

- Medidas de mellora relacionadas cos documentos do procedemento: Personalización dos textos de todo o procedemento sancionador, deseño de boletíns e de informes de rendemento.
- Medidas de mellora relacionadas coa tramitación electrónica e interoperatividade con outras administracións: Tramitación electrónica de todo o expediente. Integración plena coa DGT.
- Medidas de mellora consistentes en controis varios: Seguimento de resposta a informes de ratificación. Controis xerais e específicos dos prazos do procedemento sancionador. Acceso a través do SIT dos axentes ós expedientes. Búsquedas. Estatísticas.
- Medidas de mellora relacionadas coas ferramentas e funcionalidades do sistema: Aportación de dispositivos, buzón de tarefas e cobro pola modalidade 3 do caderno 60. Compromiso de grabación dos boletíns de denuncia en 24 horas. Outras posibilidades do software de xestión. Acceso ós expedientes pola OVT. Remisión de ficheiros de detracción de puntos á DGT. Fotografía da infracción.



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

- Medidas de mellora consistentes na adaptación ó novo marco legal: Tanto ó procedemento sancionador do RDLex 6/2015 como o intercambio transfronterizo de información sobre infraccións de tráfico. Patrocinio de accións formativas.

E.3) Oferta de SCI:

- Medidas de mellora relacionadas coa recepción da documentación: Recepción diaria de boletíns de denuncia nas oficinas da Policía Municipal e escaneado posterior da mesma. Tramitación de alegacións e recursos en prazo máximo de 7 días.
- Medidas de mellora relacionadas coa grabación, depuración e resolución de incidencias: Primeira depuración da documentación. Reenvío para subsanación de erros detectados. Gravación final a través dunha ferramenta da DGT (ATEX4). Emisión no acto con código de barras referencia C60 para poder abonarse.
- Medidas de mellora relacionadas coa emisión da resolución sancionadora e tratamento das notificacións, alegacións e recursos: Impresión con medios propios e cadencia a establecer no Plan de traballo. Compromiso de asistencia técnica e asesoramento para a implantación da publicación no Testra. Tramitación automatizada de alegacións e recursos de reposición. Control automático de caducidade de expedientes.
- Medida de mellora consistente na xestión e comunicación da detracción de puntos ao rexistro de infractores: remisión dun ficheiro de intercambio de información os días 1 e 15 de cada mes.
- Medida de mellora consistente na tramitación de procedementos sancionadores en casos de condutores extranxeiros.
- Medida de mellora consistente en campaña de sensibilización para o fomento do respecto as normas de tráfico.

VALORACIÓN DAS OFERTAS:

A oferta de CATOURE destaca pola inexistencia de medidas de mellora con respecto os requerimentos dos Pregos e a propia normativa de aplicación na materia de procedementos sancionadores en materia de tráfico. A oferta consiste nunha mera descrición de actuacións procedimentais, sen aportar ningunha funcionalidade ou proposta de mellora. As ofertas de GTT e SCI coinciden nunha descrición (mais detallada e concisa) do procedemento sancionador e mais do tratamento dos expedientes administrativos, con referencia expresa á tramitación de expedientes sancionadores respecto de condutores extranxeiros. Faise tamén referencia á obrigada publicación nos taboleiros electrónicos, subliñando a axilidade nos mesmos cara a cumprir a premura dos prazos de tramitación e notificación.

Achegan asemade a referencia ao subministro dos dispositivos PDA ou similares, requisitos recollido nos PTT (A oferta de CATOURE non menciona tal posibilidade). Tamén fan mencións a distintas ferramentas informáticas de xestión relacionadas coa grabación e tramitación dos expedientes sancionadores. Asimesmo sinalan a posibilidade de levar a cabo accións formativas de concienciación en materia de tráfico.

En xeral consideramos que se trata de propostas someras e que propoñen medidas de actuación escasas, pouco precisas, limitadas a aspectos procedimentais e pouco innovadoras. Non se atopan diferencias significativas entre as propostas das dúas ofertas que presentan GTT e SCI que xustifican unha valoración diferenciada entre as mesmas, aínda que si que se consideran claramente superiores, polo seu contido e as funcionalidades que describen, á oferta presentada por CATOURE. Polos motivos anteriores, a valoración que corresponde á oferta de CATOURE é de MOI MALA e ás ofertas de GTT e de SCI é de REGULAR coa asignación das seguintes puntuacións:



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

- **CATOURE: 0 PUNTOS.**
- **GTT: 1 PUNTO.**
- **SCI: 1 PUNTO.**

G) Incremento de horas de apertura de oficinas: Da lectura das ofertas dedúcese a seguinte puntuación derivada dos horarios de apertura das oficinas por parte de cada unha das empresas:

G.1) Oferta de CATOURE: Non sinala horarios de apertura de oficina. Limítase a sinalar que *“El horario de apertura de la oficina será el que determine el Ayuntamiento dentro de las cuarenta horas semanales que obliga el convenio de trabajo”*. O horario máximo de apertura da oficina de acordo cos Pregos sería o resultado do mínimo esixido (de 9 a 14 horas) mais os marxes de mellora indicados nos criterios de valoración. A suma dos mínimos mais os marxes de mellora é de 40 horas, polo que a oferta de CATOURE debe ter a máxima puntuación en cada franxa horaria de mellora, a saber:

- 1 hora de luns a venres de 8 a 9 da mañá: 1,5 puntos.
- 1 hora de luns a xoves de 16.00 a 17.00 horas: 0,5 puntos.
- 1 hora de luns a xoves de 17.00 a 18.00 horas: 0,5 puntos.
- 2 horas de os sábados de 10.00 a 12.00 horas: 0,5 puntos.

G.2) Oferta de GTT:

- 1 hora de luns a venres de 8 a 9 da mañá: 1,5 puntos.
- 1 hora de luns a xoves de 16.00 a 17.00 horas: 0,5 puntos.
- 1 hora de luns a xoves de 17.00 a 18.00 horas: 0,5 puntos.
- 2 horas de os sábados de 10.00 a 12.00 horas: 0,5 puntos.

G.3) Oferta de SCI:

- 1 hora de luns a venres de 8 a 9 da mañá: 1,5 puntos.
- 1 hora de luns a xoves de 16.00 a 17.00 horas: 0,5 puntos.
- 1 hora de luns a xoves de 17.00 a 18.00 horas: 0,5 puntos.
- 2 horas de os sábados de 10.00 a 12.00 horas: 0,5 puntos.

VALORACIÓN DAS OFERTAS:

- **CATOURE: 3 PUNTOS.**
- **GTT: 3 PUNTOS.**
- **SCI: 3 PUNTOS.**

F) Plan de formación para os empregados destinados ó servizo:

F.1) Oferta de CATOURE: Non oferta plan de formación.

F.2) Oferta de GTT: Poñen a disposición dos seus empregados diversos cursos relacionados co obxecto do contrato cunha duración total de 311 horas.

F.3) Oferta de SCI: Poñen a disposición dos seus empregados diversos cursos relacionados co obxecto do contrato cunha duración total de 194 horas.



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

VALORACIÓN DAS OFERTAS: A oferta de CATOURE non menciona o PLAN DE FORMACIÓN. As ofertas de GTT e SCI propoñen unha actividade formativa suficiente e adecuada polos seus contidos ó obxecto do contrato, sendo a duración da oferta formativa de GTT claramente superior á de SCI. Nos dous casos, as accións formativas contéplanse coma unha oportunidade para os empregados das empresas e no caso de SCI fan extensiva esta oportunidade ós empregados do Concello.

O número de horas da oferta formativa é claramente superior no caso de GTT. Por este último criterio consideramos una valoración comparativamente superior da súa oferta neste apartado calificando a oferta de GTT coma de MOI BOA, a de SCI coma BOA, e a de CATOURE coma de MOI MALA asignando a seguinte puntuación:

- **CATOURE: 0 PUNTOS.**
- **GTT: 1 PUNTO.**
- **SCI: 0,75 PUNTOS.**

V. PUNTUACIÓNS OBTIDAS.

De acordo coa valoración realizada e co sistema de asignación de puntos previsto nos Pregos de Clausulas Administrativas e neste Informe, os puntos asignados a cada oferta son os seguintes:

EMPRESA	CATOURE	GTT	SCI
CRITERIO	PUNTUACIÓN	PUNTUACIÓN	PUNTUACIÓN
Xestión tributaria e recadación voluntaria.	1,25	3,75	3,75
Recadación executiva.	0	2,5	3,75
Xestión Catastral.	0,5	1	1
Inspección tributaria.	1	1	1
Multas de tráfico.	0	1	1
Horario oficina.	3	3	3
Plan formación.	0	1	0,75
TOTAL PUNTOS	5,75	13,25	14,25

Este é o noso informe, non obstante a Mesa de Contratación elevará ao órgano de contratación a proposta de adxudicación que estime máis conveniente para os intereses municipais. Instase á Mesa de Contratación elevar ao órgano de contratación a inclusión con carácter expreso, no contrato a formalizar coa adxudicataria, da mención do carácter vinculante, e polo tanto esixible, de cada unha das medidas de mellora propostas nas ofertas.

Bueu, 25 de maio de 2016

O Tesoureiro

O Adxunto a Tesourería

Asdo.: Jacobo Vecino Reimundo.

Asdo: Jaime Sixto García.